

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E A FUNDACIÓN BIBLIOTECA VIRTUAL MIGUEL DE CERVANTES SAAVEDRA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar coa Fundación Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes Saavedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de dous anos dende a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións para a publicación de semblanzas biobibliográficas de editores, editoriais e coleccións literarias de/en Galicia no portal *Editores y Editoriales Iberoamericanos (siglos XIX-XXI)*. EDI-RED, dependente do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) e a Fundación Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes (FBVMC).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Que o Consello da Cultura Galega está interesado na investigación, o rescate e a difusión da historia da edición literaria en galego e en Galicia.,

Que a **Fundación Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes (FBVMC)** leva a cabo un ambicioso proxecto de dixitalización e divulgación das obras clásicas literarias e científicas máis importantes do patrimonio cultural en linguas hispánicas a través da Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes (www.cervantesvirtual.com).

Que no marco desta Biblioteca Virtual e en colaboración co CSIC crearon o portal *Editores y Editoriales Iberoamericanos (siglos XIX-XXI)*. EDI-RED, para a publicación de semblanzas de editores e editoriais iberoamericanos.

Neste sentido, o Consello da Cultura Galega tamén ten interese en investigar a actividade dos editores galegos en calquera ámbito xeográfico, para o que realiza un proxecto de investigación co obxecto de elaborar semblanzas biobibliográficas centradas nos editores, editoriais e coleccións literarias de/en Galicia Polo que está interesado na divulgación destes contidos no portal *Editores y Editoriales Iberoamericanos (siglos XIX-XXI). EDI-RED*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 16 de novembro de 2016